



NOSA SEÑORA DAS MARIÑAS

BANQUETE

en honor de

ELADIO RODRIGUEZ GONZALEZ

por su reciente triunfo en la Fiesta de la Lengua Gallega de Santiago con la hermosa poesía «ORACIÓS CAMPESIÑAS»

y de

MARIANO MIGUEL

por el éxito alcanzado con la Exposición de sus admirables cuadros, entre los cuales figura «NOSA SEÑORA DAS MARIÑAS»

MENÚ

Aperitivo: Vino «Sanson»

Entremeses variados

Huevos revueltos con tomate

Langosta a lo Eladio Rodríguez

Rostbif a lo Mariano Miguel

Patatas risoladas

Ensalada

Helado a la Pralínez

Tarta al Chocolate

Fruta — — Café

Cañac «Real Tesoro»

VINOS

Bodegas del Ribero: Blanco y tinto

Champaña «Galicia»

Habanos

La Coruña 11 de Agosto de 1924.

ORACIÓNS CAMPESIÑAS

LEMA:

Todo o campo é unha oración.

Quixera que os meus versos
cheirasen a terra húmida,
unxida e consagrada
no vello e santo rito das decrúas:
no rito do traballo,
que é rito de fartura
y-é rezo relixioso e aloumiñante
d'unha nova liturxia
que nos atraí con voz de sementeiras
e nos quenta con líricas quenturas.

Quixera que os meus versos
sonasen sempre a cántigas barudas;
a cántigas de aixadas
que arrincan os terrós nas cavaduras,
y-a oración campesiñas que dispoixas
d'adeprendidas non s'esquecen nunca,
porque falan d'espigas
e d'anadas fecundas
que levan moita vida ós cabaceiros,
e levan grau ás tullas,
e levan agarimo ós lares probes
e levan pan ás huchas....

Quixera que os meus versos,
en arroutadas d' emoción profunda,
tivesen oracións de atardeceres
entr'as estrofas suas,
e laíos d'alalalaas que alá ó lonxe
morren mainiños n'unha nota única...

Quixera que en ofrenda
á meiga Nai Natura
recollesen o sagro misticismo
de maxestade augusta
do campo, á bocanoite,

cando o día esmorece e s'amortuxa,
cando o lirismo chouta pol-as veigas,
cando as copras garulan
ledas e graleantes,
e cando o lusco e fusco anda á procura
do Acougo e do Misterio
pra botarse a dormir nas espesuras...

Quixera que os meus versos
entrasen nas casupas
homildes das aldeas,
a esa hora sagra das reunións nouturnas
en que a cociña é un templo
de ceremonias rústicas
y-en que a lus morriñenta
s'envolve no mantelo da parruma;
y-alí, ó pe da lareira, ó amor do lume,
entramentras gurgulla
o esguerio caldo no bazuncho pote,
visen cómo a familia, toda xunta,
reza o santo rosario
e roga pol-as almas xa difuntas
e pol-os nenos orfos
e pol-os desherdados da fortuna,
e pide a Dios o pan de cada día
en patriarcales súplicas...

Quixera que os meus versos
entendesen a voz calada e muda
con que as sombras da noite
moumean xordamente y ás escuras
o seu «Ora pro nobis»,
como oración nouturna
que corre pol-as fragas
asomellando marmullar de bruxas,
mentras nas leiras o Silencio dorme

y-as valgadas s'esfuman
y-os agoiros despertan
y-as fadas todas xogan e rebuldan;
mentras nos piñeirales
tece e destece a lua
os seus fios de lus entr'a pinica
formando as máis pantásticas figuras,
ô tempo que alá enriba parpadexan
e estrelecen e trunfan
os olliños do Ceo
que non se pechan nunca,
porque os abriu pra sempre a Eternidade
y-están de cote á esculca..

Quixera que os meus versos
chegasen ás concencias máis escuras,
e despertasen n'elas
as voluntades murchas,
e prendesen nas almas
as arelas patrióticas máis xurdias,
e rezasen a elto
a pregaría eucarística e litúrxica
do santo amor a todo canto é noso
y-a todo canto en nós vive e perdura
pra que así nos sentisemos
nas xornadas futuras
máis grandes e máis donos de nós mesmos
diante da nova lus que nos alumina,
diante da nova Era
que os feitores dos pobos nos anuncian.

Quixera que istes versos
fosen canción de chuvia
que cai mainiñamente na outonada
sóbor das follas murchas,
cando os campos s'esconden entr'a brétima,
y-o paisaxe se viste de tristura
y-o vento tolaineiro
na carballeira funga,
en tanto a Terra Virxe,
xa feita Nai, recreíase na sua
nobre Maternidade,
máis grande e máis gloriosa que ningunha.

Quixera que os meus versos se trocasen
en oraciós sinxelamente rudas,
en Oraciós dos campos
que os fouciños pronuncian
y-os mallos cantan diante o altar das eiras
como unha doce e mística canturria
que sona agasalleira pol-os eidos
a fecundante música;
oraciós campesiñas,
inspiración das galicianas musas,
que saben de infertunios
e saben de penurias
e saben de traballos
que soilo os probes con pacencia aturan,
e saben ben de maus que s'encallecen
mentral-as frentes súan,
e hastra saben de corpos engoumados
que enriba dos arados se debruzan
por devoción á Terra,
Nosa Santa Señora da Fartura.

Quixera que os meus versos,
limpos de compostura,
fosen as oraciós que a decotío
se rezan nas seituras,
e dan animación ás lagaradas
trocando en viño as uvas,
e brincan pol-os agros
co alqueireiro troulear das escasulas,
e teñen morna craridá d'auroa
e maina lus de lua;
oraciós que nos falan d'espadelas
e nos cantan cantares de debullas,
e gardan o arrecendo
da Nai Terra en lentura,
da Terra remexida e consagrada
no rito das decruás;
d'esta Terra baril, Nai da Saudade,
que tanto vive en nós e nos embruxa,
que queremos que seia o noso berce
y-a nosa sepultura....
¡pra saber que os seus rezos milagreiros
inda dispois de mortos nos arrulan!

Eladio Rodríguez González.